

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.
994/2026

ÓRGANO COLEXIADO
O Pleno

DATA DA SESIÓN
30/07/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data indicada adoptouse o seguinte acordo:

Expediente 994/2026. Modificación puntual da RPT 2026 (13ª modificación)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

Tipo de maioría:
Absoluta

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Votación	A favor	En contra	Abstencións	Ausentes
Primeira	7	5	0	1

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Modificación puntual da RPT 2026 (13ª modificación). Expte, 994/2026

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

ANTECEDENTES

Vistos os seguintes feitos e antecedentes que constan no expediente tramitado:

-Por acordo plenario de data 30/05/2013 aprobouse definitivamente Organigrama Municipal e a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz (Anexo I ao acordo que consta de 73 folios).

-Na xuntanza da Mesa Xeral de Negociación de data 8/09/2014 a alcaldía decidiu deixar en suspenso o procedemento de modificación da RPT á vista da oposición dalgúns representantes dos traballadores á proposta de RPT elaborada pola empresa "J&L Tudó Consulting, S.L.", para reconsiderar os aspectos máis problemáticos sinalados polos representantes dos traballadores.

-12 modificacións puntuais na RPT realizadas entre os anos 2016 e 2025.

-Por providencia de alcaldía de data 3.07.2026 incóase expediente para a seguinte modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Guitiriz e do Cadro de Persoal:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



1º. Modificación do Cadro de Persoal e da ficha nº3 da RPT (código 3) para amortizar o posto vacante de “Técnico medio de xestión económica -Tesoreiro/a” e crear o posto de “Tesoreiro/a” reservado a funcionarios de habilitación nacional da subsescala de Intervención-Tesourería, en cumprimento do artigo 14 e DT 6º.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo.

2º. Modificación do Cadro de Persoal e da ficha nº31 da RPT para crear un posto máis de “Auxiliar de Xeriatria do Centro de Día” (código 83) para a súa provisión por promoción interna.

3º. Modificación da ficha nº20 bis da RPT (Código 25) do posto de “Peón Servizos-Tractorista”, para esixir como formación específica unicamente o carne conducir tipo C.

- Acta da mesa de negociación de data 15/07/2026.

-Informe da traballadora social de data 3.07.2026.

-Proxecto de modificación da RPT de data 20.07.2026 relativo a:

1º. Modificación do Cadro de Persoal e da ficha nº31 da RPT para crear un posto máis de “Auxiliar de Xeriatria do Centro de Día” (código 83) para a súa provisión por promoción interna.

2º. Modificación da ficha nº20 bis da RPT (Código 25) do posto de “Peón Servizos-Tractorista”, para esixir como formación específica unicamente o carne conducir tipo C.

-Informe xurídico 2026-0092 de data 20/07/2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Tendo en conta as seguintes consideración xurídicas e normativa de aplicación:

Ao amparo do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público e no Estatuto dos Traballadores, e da cláusula 4 do Acordo Marco Regulador do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Guitiriz, someteuse dito proxecto de modificación puntual da RPT a negociación colectiva no marco da Mesa Xeral de Negociación de data 15/07/2026.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando o disposto nos artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC), e demais disposicións legais de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións alcaldía do artigo 21.1 da LBRL, e as atribucións do Pleno do artigo 22.1 da LBRL;

Vista a proposta de resolución PR/2026/934 de 22 de xullo de 2026 fiscalizadafavorablemente con data de 22 de xullo de 2026.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



RESOLUCION

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (13ª modificación) segundo o proxecto de modificación da RPT de data 20.07.2026 que se transcribe a continuación:

1º. Modificación do Cadro de Persoal e da ficha nº31 da RPT para crear un posto máis de “Auxiliar de Xeriatria do Centro de Día” (código 83) para a súa provisión por promoción interna, segundo o informe de necesidades da traballadora social de data 3.07.2026.

CADRO DE PERSOAL:

POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN NÚMERO VACANTES

Auxiliar xeriatria CD 5 3

2º. Modificación da ficha nº20 bis da RPT (Código 25) do posto de “Peón Servizos-Tractorista”, para esixir como formación específica unicamente o carne conducir tipo C.

FICHA Nº 20. Bis RPT. Posto de Traballo: Peón Servizos – Tractorista (1) (Código 25)

*-*Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.*

-Grupo (Equivalencia): C2

-Formación específica: Carne conducir tipo C

-Nº de postos: 1

-Vacantes: Si

-Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición

-Retribucións integras anuais: 23518,93 euros (actualizado 2023, sen trienios)

-Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas

-Principais funcións do posto:

Xerais:

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os traballos que se lle encomenden sexan realizados con celeridade.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo. -Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



-Operario-condutor do servizo de auga potable e rede de sumidoiros, recollida de residuos e limpeza viaria (contedores, papeleiras, etc...)

-Tarefas propias do servizo municipal de recollida de residuos e limpeza viaria.

-Condución / manexo, segundo necesidades, dos tractores municipais (ou vehículos análogos e /ou para cuxa condución se requiran idénticos permisos/autorizacións administrativas)»

SEGUNDO.- Conceder un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións. Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

